



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. 2019/2020

CEIP CAMPOMAIOR – ORDES

CURSO: 5º

MATERIA: Inglés

DATA: 7 maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 5º MATERIA: INGLÉS
--	---------------	---



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CEIP CAMPOMAIOR CURSO: 5º MATERIA: INGLÉS
--	---------------	---



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.	PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB2.4 - Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.8 - Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1 - Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora



B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	PLEB3.5 - Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.
B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...	PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.	PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos).
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB4.4 - Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB4.7 - Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata).
	PLEB5.2 - Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ó traballo en grupo
	PLEB5.5 - Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación.
	PLEB5.6 - Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer
	PLEB5.10 - Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
	PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Probas orais escritas do primeiro e segundo trimestre.- Observación sistemática no primeiro e segundo trimestre (Diario de clase, escala de observación, traballo na casa, interese e respecto pola asignatura, materiais e comportamento).- Utilización da plataforma online Travelers e exercicios vía aula virtual e correo electrónico durante o terceiro trimestre.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizada dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción do criterios de avaliación e cualificación teranse en conta aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades traballan todos os ámbitos lingüísticos da lingua inglesa: escoita, pronunciación, escritura, lectura, vocabulario e gramática. Son actividades baseadas no repaso e reforzo do aprendido.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Alumno con conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Propostas de actividades e seguimento individualizado pola plataforma online Travelers. - Vídeos explicativos realizados pola docente. - Intercambio de correos electrónicos con fotos de actividades que fai o alumnado, que responde a docente con comentarios e correccións. Alumnado sen conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Fichas con explicacións adaptadas a cada alumno ou alumna, e actividades personalizadas.
Materiais e recursos	Alumno con conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Plataforma Travelers e actividades e vídeos explicativos na aula virtual. Alumnado sen conectividade: <ul style="list-style-type: none"> - Fichas con actividades personalizadas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As comunicacións coas familias lévanse a cabo a través de Abalar Móbil, anuncios na Aula Virtual, correos electrónicos, comunicación a través dos titores e nalgúns casos utilizando o teléfono personal.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.